

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36004526	CPR Plurilingüe San Narciso	Marín	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Proxecto competencial	1º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introdución	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	8
4.2. Materiais e recursos didácticos	9
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	9
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	9
6. Medidas de atención á diversidade	10
7.1. Concreción dos elementos transversais	10
7.2. Actividades complementarias	11
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	11
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	12
9. Outros apartados	12

1. Introdución

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 1ºcurso de Educación Primaria do Colexio SEI San Narciso de Marín para o curso 2023-2024, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias clave e o traballo de elementos transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado. Esta materia configurarase neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais e nela buscarase a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno. Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica no SEI San Narciso, centro concertado situado na localidade de Marín. Trátase de un centro con ideario propio e enmarcado nun nivel socioeconómico medio, co obxectivo continuo de ofrecer un servicio educativo de calidade a partir de metodoloxías actuais. Entre os seus principios, destaca o feito de formar persoas con capacidades afectivas para desenvolverse profesionalmente no mundo socio-laboral, educar en valores co fin de plasmar unha formación realmente integral da persoa e aunar a tradición e a modernidade da práctica educativa.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conjuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descripción:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descripción	% Peso materia	Nº sesión	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Emocionate co cine	No primeiro trimestre a temática a abordar son as emocións. A través deste proxecto, analizaremos emocións diferentes no cine de animación infantil. Tras a pescada de información e traballar coa temática, exporase o produto final.	30	13	X		
2	Valores no cine	No segundo trimestre, a temática a abordar serán os valores. A través de dita temática, o alumnado traballará de forma cooperativa co vocabulario propio do ámbito, coñecerá diversos valores a través da linguaxe audiovisual e elaborará un producto final para presentar o aprendido e tratado durante o trimestre.	30	12		X	
3	Convertémonos en actores	Neste derradeiro trimestre, o alumnado indagará e profundizará en aspectos relacionados coa posta en escena do conto "A que sabe a Lúa", tanto a nivel artístico como a nivel técnico. Éste ha de ser un proxecto más manipulativo e flexible. Traballarase de forma colaborativa e presentarase o producto final nas últimas sesións da materia.	40	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Emocionate co cine	13

Criterios de evaluación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia de saber sobre as emocións.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos para a realización do proxecto, mostrando respeito polo uso dos materiais dispostos na aula.		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar e programar as distintas fases do proxecto, atendendo á vez aos tempos establecidos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e proponer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir na elaboración do proxecto a través do diálogo ou do uso de diversos recursos.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Ser responsable cos tempos establecidos na temporalización.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Mostrar interese polo tema a traballar Desenvolver as actividades acordes ao desenvolvemento das competencias más relevantes de forma activa.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Coidar os recursos e materiais dispostos na aula		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver os problemas de forma social, dende o diálogo e o respeto mutuo.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Mostrar conciencia e coñecemento do propio proxecto a realizar, tanto do contido como da propia execución.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Mostrar capacidades comunicativas e seguridade á hora de expoñer o produto final.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalar a expresividade e eficacia do discurso.	Expoñer cunha linguaxe verbal clara e apoiar o discurso con expresividade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalar a expresividade e eficacia do discurso.	Manter un bo uso da linguaxe corporal durante a posta en común do producto final		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conducta asociada ás emocións negativas.	Potenciar a seguridade durante a exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos TIC ou elaborados manualmente como apoio da presentación do producto final.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conducta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

UD	Título da UD	Duración
2	Valores no cine	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia de saber os diferentes valores que debemos de acadar.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos para a realización do proxecto, mostrando respeito polo uso dos materiais dispostos na aula.		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar e programar as distintas fases do proxecto, atendendo á vez aos tempos establecidos.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propor possibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir na elaboración do proxecto a través do diálogo ou do uso de diversos recursos.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas. Ser responsable cos tempos establecidos na temporalización.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requeridos.	Mostrar interese polo tema a traballar Desenvolver as actividades acordes ao desenvolvemento das competencias máis relevantes de forma activa.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios de forma coidadosa.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas a través do diálogo e respeto mutuo.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Mostrar capacidades comunicativas e seguridade á hora de expoñer o produto final.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Expoñer cunha linguaxe verbal clara e apoiar o discurso con expresividade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Manter un bo uso da linguaxe corporal durante a posta en común do producto final		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conducta asociada ás emocións negativas.	Potenciar a seguridade durante a exposición.		

Criterios de evaluación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos TIC ou elaborados manualmente como apoio da presentación do produto final.		

Lenda: IA: Instrumento de Evaluación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

UD	Título da UD	Duración
3	Convertémonos en actores	10

Criterios de evaluación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia de coñecer a figura dos actores no cine.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos para a realización do proxecto, mostrando respeito polo uso dos materiais dispostos na aula.		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar e programar as distintas fases do proxecto, atendendo á vez aos tempos establecidos.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e proponer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir na elaboración do proxecto a través do diálogo ou do uso de diversos recursos.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Ser responsable cos tempos establecidos na temporalización.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requeridos.	Mostrar interese polo tema a traballar Desenvolver as actividades acordes ao desenvolvemento das competencias máis relevantes de forma activa.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Coidar os recursos e materiais dispostos na aula		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver os problemas de forma social, dende o diálogo e o respeto mutuo.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Mostrar conciencia e coñecemento do propio proxecto a realizar, tanto do contido como da propia execución.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Mostrar capacidades comunicativas e seguridade á hora de expoñer o produto final.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conducta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas e seguridade na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos TIC ou elaborados manualmente como apoio da presentación do produto final.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conducta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso traballaremos a través do cine as emocións, os valores e a posta en escena. As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos más transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinariedade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento. O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto. De cara á elaboración de cada un dos proxectos a desenvolver, o alumnado consultará libros físicos, páginas web, revistas, cortos animados ou películas, manipulará fotos, etc. E para cada trimestre farase un plan de traballo, planificando tarefas, tempos, recursos e materiais que se van empregar. Terán liberdade no emprego de materiais e recursos, dándolle a máxima difusión posible aos proxectos, o cales poderán ser difundidos nunha exposición nos corredores do colextio ou sala multiusos.

Neste proxecto, trabállanse todas as competencias clave contribuindo interdisciplinarmente as seguintes áreas:
 - Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...)
 - Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...)

- Ciencias Sociais (espazos e lugares, momentos históricos...)
- Educación Plástica e Visual (deseño do formato e presentación dixital do proxecto...)
- Música e Danza (bandas sonoras, representación teatral...)

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material funxible: folios, cartulinas, papel continuo, lapis, rotulador, tesoiras, pegamento, grampas...
Caderno de aula
Pantalla dixital
Xornais, revistas, fotografías...

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cunha pantalla dixital e outro tradicional, dispoñendo ao alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, observarase e analizarase o desenvolvemento do alumnado na aula en base as competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias. Os resultados de dita observación daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	30	40	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliação:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Presentación das temáticas a abordar nos proxectos durante o curso escolar, elaboración e exposición do proxecto correspondente ao primeiro trimestre.
- SEGUNDA AVALIACIÓN: Elaboración e exposición do proxecto correspondente ao segundo trimestre.
- TERCEIRA AVALIACIÓN: Elaboración e exposición do proxecto correspondente ao terceiro trimestre. Establecer conclusións finais relacionadas co desenvolvemento do curso escolar, analizando posibles propostas de mellora de cara aos cursos seguintes.

Como instrumentos de avaliação, empregaranse distintas listas de cotejo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos e criterios de avaliação mínimos pautados. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de trabalho cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais, presentación, orde, limpeza, comportamentos, entre outros.

A nota ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das evaluacións parciais.

Criterios de recuperación:

No caso de que un alumno/a non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de trabalho, dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar tarefas específicas e pautadas para traballar diferentes aspectos relacionados con este proxecto.

A nota calcularase en función a unha rúbrica na que se avalían distintos aspectos tales como presentación da tarefa, orde, limpeza...

A nota de dita rúbrica representará a nota da evaluación parcial correspondente.

6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoyo Educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian más aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia Digital	X	X	X
ET.5 - Fomento da Creatividade, do Espírito Crítico e Científico	X	X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- Fomentaranse as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espíritu emprendedor y a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo/a e o sentido crítico.
- Atenderase a calquier tipo de modificación nas actividades programadas en base aos ritmos da diversidade de alumnado.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descripción	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Exposición do traballo realizado.	Difusión informativa do proxecto realizado ao final de cada trimestre, coa finalidade de dar a coñecer o traballo realizado a outros cursos do centro.	X	X	X
Visitar un cine antigo.	Visitaremos e veremos unha película no cine de Seixo, localidade próxima ao noso centro.			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Metodoloxía emplegada
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Medidas de atención á diversidade
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades
Clima de traballo na aula
Participación activa de todo o alumnado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado

Descripción:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavalíaación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor/a, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

9. Outros apartados